

Sra. Directora da Axencia de Turismo de Galicia

Presidencia da Xunta de Galicia
A Barcia. Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15896-Santiago de Compostela.

Asunto: Solicitude urxente reunión. Convenio Axencia de Turismo de Galicia co Clúster de Turismo de Galicia para elaboración do PETGA: Incidencia nos empregados públicos.

Esta Central Sindical ten coñecemento dun Convenio asinado co Clúster de Turismo de Galicia polo que este asumirá a elaboración do próximo Plan Estratéxico do Turismo de Galicia (PETGA) para os anos 2017-2020. A tal efecto, a Axencia Turismo de Galicia asigna de forma directa e nominativa ao citado Clúster un total de 150.000€.

Os Plans de Turismo de Galicia, ata o de agora, foron sempre deseñados e elaborados directamente pola propia Axencia (Turgalicia con anterioridade á súa creación), empregando para elo os recursos propios, tanto materiais como humanos, e sempre configurándose como un referente en todo o territorio nacional.

A Axencia Turismo de Galicia naceu cunha vocación integradora, co obxectivo de aproveitar as sinerxías entre os diferentes órganos que ata ese momento tiñan competencias sobre os distintos aspectos en materia de turismo de Galicia, e coa finalidade da prestación directa de servizos con alto nivel de calidade. Entre os obxectivos principais da Axencia significanse os da promoción do turismo de Galicia tanto a nivel nacional coma internacional. Entendendo que dita promoción debe de facerse directamente dende a Administración Galega, pois doutro modo non tería razón de ser a creación da Axencia.

E máis, con tal finalidade, dentro da estrutura da Axencia, tal e como figura nos seus estatutos, crease a Dirección de Promoción e, dentro dela, dótase especificamente dunha serie de áreas destinadas a levar a cabo o plano anual de accións promocionais. Polo



tanto, é a propia Axencia Galega de Turismo a quen lle corresponde a elaboración directa de calquera Plan integral ou estratéxico de Turismo de Galicia.

A encomenda da elaboración dos citados plans ao sector privado non so é contraria aos fins e obxectivos da propia Axencia de Turismo, senón que vai en detrimento e prexuízo dos profesionais do propio ente instrumental. Como xa mencionamos foron estes profesionais os que durante a existencia de Turgalicia elaboraron todos os Plans anuais de promoción turística de Galicia sendo, insistimos, un referente a nivel nacional no seu desenvolvemento e execución. Con este encomenda ao sector privado estase a deixar sen contido as funcións dos empregados públicos da Axencia de Turismo de Galicia e é isto, precisamente, o que lle produce grande inqueda a esta Central Sindical.

Pero é máis, a Axencia Turismo de Galicia non só externaliza a elaboración do propio PETGA, senón que tamén parece delegar no citado Clúster do Turismo de Galicia a inmensa totalidade a xestión e execución da práctica totalidade das políticas que, en materia de turismo de Galicia, son propias da Axencia.

Así a través de diversos convenios asinados entre a Axencia e o Clúster é este último o que se encarga de licitar e adxudicar os seguintes proxectos:

- 1.- Asistencia Técnica para o desenvolvemento dunha campaña de promoción a través do programa "Presume de Galicia".
- 2.- Consultoría e Asistencia Técnica para a implantación e mellora continua do sistema Q de calidade turística e da marca Galicia Calidade durante o ano 2016.
- 3.- Contratación do servizo de creación dunha central de reservas de Galicia especializada en turismo rural e campaña de adhesión de establecementos, cofinanciado polo FEDER 2007-20013.
- 4.- Asistencia Técnica para o desenvolvemento dunha campaña de promoción a través de embaixadores de Galicia, cofinanciado polo FEDER 2007-20013.

É dicir, a práctica totalidade da política de promoción do turismo de Galicia é externalizada a través dun Clúster para que este, a súa vez, proceda a súa contratación a través doutras empresas.

En definitiva, todoo labor que ata o de agora era desempeñado por empregados públicos e xestionado directamente pola Axencia Galega de Turismo (Turgalicia anteriormente) pasa a ser desempeñado por empresas privadas deixando sen contido e sen funcións aos traballadores propios da Axencia.

Por todo isto e considerando especialmente grave os feitos relatados, **solicitámoslle con carácter de urxencia unha reunión a fin de coñecer de primeira man cal é o presente e cal vai a ser o futuro da Axencia Turismo de Galicia e, fundamentalmente, cal é o presente e cal vai ser o futuro dos empregados públicos da citada Axencia.**

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2016

Jesús Teófilo Varela
Secretario de organización e negociación autonómica,

CSI-F Unión Autónoma de Galicia

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia